

CANTO Ó NADAL.

I.

O Nadal, encheito de luz abrenticia,
espárxease cada ano sobor do mundo enteiro
e trai consigo fanegas de gozo e lecer
envoltas no silencio das longas invernías.


Entra polos fogares adiante cal un fado
tocando o tamboril do amor fraterno
e deixa a súa lèdicia degrañada xustamente
no corazón das xentes sinxelas e arelantes.

!Oh, data felicidade algareira...! Pra festexar
xúntanse arredor da vella mesa familiar
homes e mulleres, probes e ricos,
e todos soñan, cos ollos abertos,
un mesmo soño de espranzas frolecidas.

Un sorriso coma unha estrela ventureira
dibúxase na faciana de cadaquén
encanto a mai reparte o turrón e o mazapán
e a aboa canta paxolilñas dos tempos idos
con paixón e saudade.

!Ah, Nadal...! Tal día coma hoxe -fai
cuasemente 2000 anos- nacéu en Belén o redentor
do mundo: Un neno con corazón de pantrigo
e ollos ateigados de mencerces raiolantes.

!Qué gozo maxinar a San Xosé carpinteiro
a dormir na chau, xunto ó boi e á mula,
e a Virxen a fiar a luz do alborecer



co seu fuso de fiandeira homilde e aldeana!

!Qué gozo maxinar o meniño rebuldeiro
deitado antre unhas pallas de centeio,
a sorrir care o xentío,
mentras os pastores tocaban a gaita e o pandeiro
e os Reises lle ofrecían galanos nunca vistos!

II.

Ninguén dorme. Todos soñan e velan á orexa,
pois neste tempo compre agardar os albores
co corazón e cos ollos en fite,
e coa ialma disposta pra facer sementeira
de espranzas.

As folerpas, caidas nos campos espidos,
danlle ás cousas a súa tenrura e o seu misterio
e visten a terra con traxe de festa maior
pra que volte a ser mocía casadeira.

Un ronsel de paz, igoal ca un arco de vellas,
brila en tódalas portas i en tódalas ventás
cando soan as campás nos sineiros das eirexas
a proclamar a gran nova ós catro ventos.

¿Quén sabe o segredo feliz, quén coñece
a profunda raiceira desta data que sulaga
o mundo de ilusión
e xungue os homes á mesma mau
pra seguir a loitar en pró da xusticia e da verdade...?

--oo--

Lema: PACEM IN TERRIS.